

ASCENSIÓN 2017


CONCELLO DE SANTIAGO



ASCENSIÓN 2017

DO 24 AO 28 DE MAIO

A ASCENSIÓN: A FEIRA QUE TROUXO A FESTA.

Desde hai séculos a Ascensión é un día grande en Santiago; é xornada de feira e, ultimamente, tamén de festa. Trátase dun evento moi tradicional, que a xente de Santiago asocia coa primavera, con paseos e bailes na Alameda e en Santa Susana, con barracas e coa feira. Malia que na actualidade se desenvolve, ante todo, coma unha celebración festiva, en orixe naceu como unha importante feira. Este mercado de gando, sobre todo cabalar, duraba dous días e atraía milleiros de persoas, non só da contorna senón tamén de comarcas máis afastadas; a xente acudía para mercar e vender e a cidade enchíase daquela cun enorme balbordo de persoas, animais e mercadorías.

A carballeira e o campo de Santa Susana acollían a feira e as rúas da cidade eran o escenario dos actos festivos que pouco a pouco se foron desenvolvendo en paralelo á actividade mercantil. Con todo, a Feira da Ascensión non comezou a ser a festa que hoxe coñecemos ata a década de 1950, cando os cambios no sector gandeiro supuxeron o esmorecemento das grandes feiras anuais. Ata daquela, as feiras compostelás -a Ascensión e o Apóstolo- eran un referente no panorama galego e convocaban centos de gandeiros e tratantes. Viñan de Castela e Portugal para comprar, sobre todo bestas, pero tamén aquelas vacas e bois cebóns de tanta sona. Da contorna e de toda a Terra de Santiago chegaban os labregos cos seus animais, os pequenos tratantes, as mulleres co

produto das súas hortas, co pan ou cos panos tecidos con tanto esmero. En conxunto, entre todos dábanlle á cidade unha cor e unha alegría moi singulares.

As crónicas falan, sobre todo, da ledicia que reinaba na cidade, en especial cando o bo tempo acompañaba; das moreas de visitantes que animaban unha Compostela máis ben tranquila; da cidade temporal que feirantes e tratantes armaban en Santa Susana; do estudantado, que daba o punto divertido aos bailes das sociedades, e da mocidade que, coas súas melloras galas, rexuvenecía un ambiente cheo de música, comida, etc. A feira constituía, xa que logo, unha auténtica romaría pero sen santuario (de feito na Ascensión as funcións relixiosas son moi secundarias). O ambiente da feira notábase na cidade desde días antes, pois o comercio engalanábase e comenzaban a anunciarse as vendas especiais, as funcións relixiosas e as actividades festivas, sobre todo os bailes. Na véspera, recuas de animais percorrían a cidade, os feirantes armaban as súas tendas na Carballeira e empexaban a traballar os postos de comida. Esa tarde-noite era o punto de partida do evento pois veciñanza e visitantes achegábanse a curiosar e, sobre todo, a probar os churros, as rosquillas con rosoli e as lambetadas que vendían os postos. De feito, houbo un tempo en que esa xornada era alcumada "a proba dos churros"; tratábase dun evento tan popular que mesmo chegou a celebrarse un concurso non só para optar aos churros máis ricos senón tamén aos postos mellor arranzados. Ademais, a música, o baile e o alumeado especial na Alameda completaban o ambiente festivo.

O día grande tamén tiña o seu sobre-
nome gastronómico, "a proba do polbo", pois era o momento de acudir á carballeira e ao campo de Santa Susana, de visitar os postos, de botar un ollo ao gando e, entre unha cousa e outra, de parar nos postos de polbo e comida. A feira de gando remataba contra o mediodía e logo desenvolvíase xa a festa con comercios engalanados, todo tipo de espectáculos, concertos, bailes organizados pola mocidade ou por entidades como o Casino.

Hoxe en día imponse a festa, malia que a vella feira conserva o seu sabor nas barracas e postos aínda presentes na Alameda e en Santa Susana ou no recinto feiral de Amio. Alí, o vello mercado resucita por un día coa feira cabalar, acompañada con concurso e exhibicións nun ambiente no que, coma antes, os tratantes se mesturan coa veciñanza e visitantes que acoden para ver os postos ou probar o polbo. Ese é o espírito verdadeiro da xornada da Ascensión.

Dhistoria

**Comisión Municipal de Fiestas
del Año Santo**

Jueves, 27 de mayo de 1954
DÍA DE LA ASCENSION
PROGRAMA DE FIESTAS POPULARES

VIÑEIRA -PUERTA DE LOS CUERPOS
A esta típica y tradicional costumbre, en la noche anterior a la fiesta de la Ascensión en la Herbolada de Santa Susana, se le da especial importancia, presentando los puestos de churros, con arreglo a las siguientes bases:

PRIMER PREMIO: 100 pesetas y «EL LAMO DE LA PERLA» al puesto mejor presentado —más limpio y más ensucado—.

SEGUNDO PREMIO: 15 pesetas al puesto modesto mejor presentado.

PREMIO DE 100 pesetas al puesto que expenda mejores churros.

La «CORRIGION»-JURADO: visitará los puestos de nuevo de la noche un día, para otorgar los premios.
Durante esta visita, grupos de gaiteros amenizarán la velada y se dispondrán fuegos de lucía.

DÍA DE LA ASCENSION:
A las nueve de la mañana, previo disparo de bombas, la Banda Municipal de Música y grupos de gaiteros recorrerán las calles de la ciudad interpretando alegres danzas.

En este día se otorgará al alfiler de Lucretios y premio de Santa Susana, con arreglo a los siguientes bases:

PREMIO DE 500 y 1.000 pesetas al grupo del pulpo mejor adornado al estilo de fiestas y comidas típicas.

PREMIO DE 100 pesetas y «EL LAMO DE LOURDELO» al mejor puesto de ensaldas y bebidas.

PREMIO DE 50 pesetas al puesto modesto que esté adornado con más gusto.

PUERTA DEL PUERTO Y PLATOS TÍPICOS
Premio de 100 pesetas, para el plato de pulpo mejor presentado.

Premio de 100 pesetas, para la mejor empanada presentada.

Premio de 100 pesetas, para hogueras y ensucos.

A la una de la tarde y en la parte baja del ferri, se celebrará una «cibola» popular, animada por grupos de gaiteros.

Durante dicha «cibola» habrá, asimismo, concurso libre de los siguientes premios:

PREMIO DE 500 pesetas, para la pareja que baile con más fuerza y estilo la «cibola».

PREMIO DE 100 pesetas, para la pareja que exhiba mayor número de postas de «cibola».

PREMIO DE 100 pesetas, para la pareja que siga en infarto.

PREMIO DE 100 pesetas, para el grupo de «cibola» que en dicha «cibola» interprete mejores «aparcerías».

PREMIO DE 50 pesetas, para el grupo que baile mejor la «aparcería».

NOTA.—Las inscripciones pueden hacerse en las oficinas de la Comisión de Fiestas en el Ayuntamiento, antes de las ocho de la tarde del día 26.

MÉRCORES DÍA 24

12.00 h.

Disparo de bombas anunciando o comezo das festas

12.30 h.

Comparsa de Cabezudos

21.00 h.



LOS40 Trending On Stage
Presenta ARTURO PANIAGUA.

LUIS BREA Y EL MIEDO
SHINOVA
MISS CAFEINA
DRUSO

Praza da Quintana
Entrada libre ata completar o aforo

23.00 h.

ORQUESTRA CINEMA
Paseo Central da Alameda

23.00 h. **compostela
é!música**

CARLA GREEN & THE DEMONS
(blues/funk/soul)
Praza do Toural

MISS CAFEINA



XOVES DÍA 25

DÍA DA ASCENSIÓN

Concurso cabalar Ascensión 2017 Mercado Nacional de Gando de Santiago (Amio)

PROGRAMA

10,00 Apertura de inscricións para participar nos concursos morfolóxicos puntuables para a “Copa Galicia de Pura Raza Galega 2017” e nos concursos de cabalos e eguas cruzados e percheróns.
Lugar: Mesa do xurado.

CONCURSOS DE CABALOS E EGUAS CRUZADOS

10,30 horas.- Concurso morfolóxico de cabalos cruzados (maiores de tres anos)

11,00 horas.- Concurso morfolóxico de eguas cruzadas (maiores de tres anos)

CONCURSO DE PURA RAZA GALEGA P.R.G.

11,30 horas.- Concurso Morfolóxico puntuable para a “XVI Copa Galicia P.R.G.” de Cabalos de Pura Raza Galega.

Sección Sementais Maiores de 3 anos. Inscritos no libro xenealóxico da raza.

12.30 h.

Comparsa de Cabezudos

12,00 horas.- Concurso Morfolóxico puntuable para a “XVI Copa Galicia P.R.G.” de Cabalos de Pura Raza Galega.

Sección Eguas Maiores de 3 anos. Inscritos no libro xenealóxico da raza.

CONCURSO PERCHERÓNS “
TROFEO CABALO SANTIAGUEIRO” Sección única (Participarán machos e femias)

12,30 horas.- Concurso Morfolóxico de cabalos e eguas percheróns (maiores de tres anos)

13,00 horas.- Entrega de premios e trofeos ás gandeirías gañadoras e do “Gran Premio Dragóns de Santiago” Trofeo Institucional do Concello de Santiago de Compostela (que recaerá na egua ou cabalo de Pura Raza Galega que obteña maior puntuación nos concursos morfolóxicos).

13,10 a 14,15 horas.- Gran espectáculo ecuestre ofrecido polo Club de Volteo de Burgos e a compañía Hnos. Borjas, coa participación especial da Asociación Pura Raza Cabalo Galego. Entrada libre e gratuíta.

MYLES SANKO



ELADIO Y LOS SERES QUERIDOS



20.00 h.

CONCERTO

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA

Ciclo de Primavera

(Obras de A. Álvarez, Ambrosio Thomas, Pablo Sorozábal, Jacob de Haan, Ferrer Ferrán e Luis Brage)

Casiano Mouriño Maquieira,
director. Praza das Praterías

FOLK NA RÚA

18.00 h. ULTREIA. Praza de Santo Agostiño

18.30 h. BRINCADEIRA. Praza do Toural

19.00 h COLEXIATA DO SAR.
Praza do Obradoiro

19.30 h. CANTIGAS E AGARIMOS.
Praza de Cervantes

20.00 h. Actuación conxunta.
Praza da Acibechería



COMPOSTELA DECIDE

18.00 h. Obradoiro con TRÓPICO
DE GRELOS Comidas do mundo

19.30 h. Concerto TRÓPICO DE
GRELOS

21.00 h. Concerto BRINKADELIA
TROUPE. Praza do Toural

20.30 h. VOAXA E CARMÍN

Texto de Esther F. Carredegas
Con Mabel Rivera e Belén

Constenla. Dirixe: Xavier Castiñeira
Teatro Principal

21.30 h. CONCERTO

MYLES SANKO (soul)

ELADIO Y LOS SERES QUERIDOS

Praza da Quintana
Entrada libre

22.30 h.
ORQUESTRA METRÓPOLIS
Paseo Central da Alameda

VENRES DÍA 26



COMPOSTELA DECIDE

CANCELAS FEST
18.00 h. ISLA CANELA
18.40 h. PIROCATUS
19.35 h. INMATES
20.20 h. CATRO GHATOS
21.10 h. MOJO EXPERIENCE
Auditorio das Cancelas

20.00 h. CONCERTO
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Director: Jonathan Webb

Programa:

L. García Taibo: Suite sinfónica
“Galaica”

N. Rimsky-Korsakov:
Scheherezade

Praza da Quintana
Entrada libre

20.00 h. **XLI TROFEO DA CHAVE
FESTAS DA ASCENSIÓN**

Parque da Alameda (fronte á gar-
dería de Santa Susana)
Asociación de Xogadores da
Chave de Santiago

20.30 h.
VOAXA E CARMÍN

Texto de Esther F. Carredegas
Con Mabel Rivera e Belén
Constenla. Dirixe: Xavier Castiñeira
Teatro Principal

22.30 h.
ORQUESTRA COSTA DORADA
Paseo Central da Alameda

23.00 h. **compostela
é!música**

CACHAS & COUSINS
(reagge/ska/mestizaxe)
Praza do Toural



**CONSORCIO DE
SANTIAGO**



MADUIXA TEATRE

SÁBADO DÍA 27

XX FESTA PARA OS MAIORES

Recinto Feiral de Amio

7 euros. Billeteiras do Teatro

Principal

14.00 h Xantar e a continuación
actuación musical de
SALSASERENA

10 a 15.00 h. **V PROBA DA LIGA GALEGA DE O-PÉ**

(carreiras de orientación)

Monte Pedroso

(USC en colaboración coa Federa-
ción Galega de Orientación,
Deputación da Coruña e Concello
de Santiago)

10 a 20.30 h. **CAMPIONATO GALAICO-PORTUGUÉS SUB 17 MASCULINO DE HOCKEI A PATÍNS**

(Participantes: Selección Galega e
as seleccións das cidades portu-
guesas de Porto, Aveiro e Minho)
Pavillón Municipal de Vite
(Federación Galega de Patinaxe e
Club Hockei Compostela)

12.00 h. **BANDA MUNICIPAL DE LALÍN**

Praza das Praterías

17.00 h.

LXI TORNEO DA CHAVE FESTAS DA ASCENSIÓN

Parque da Alameda

Asociación de Xogadores da
Chave de Santiago

CORAIS NA RÚA

17.00 h Amigos de Compostela e
Asubío. Rúa do Vilar

17.30 h Pontemantible e La Salle.
Igrexa de Salomé

18.00 h A Xuntanza, Amigos do
Castiñeiriño e A Ruliña. Praza de
Cervantes

18.30 h Xúbilo, Coto da Nai e
Santa Susana. Praza da Quintana

19.00 h **CANTORUM COMPOSTE-
LLANA CONIUNCTIO** actuación
conxunta. Praza das Praterías

17.30 h. Desfile **IMPERIAL STORM-
TROOPERS** III polas rúas do Casco
Histórico ata chegar á Praza do
Obradoiro ás 19.30 h.

18.00 h.

DANZA

MADUIXA TEATRE: MULIER

Praza da Quintana

20.30 h.

VOAXA E CARMÍN

Texto de Esther F. Carredegua

Con Mabel Rivera e Belén

Constenla. Dirixe: Xavier Castiñeira

Teatro Principal

21.30 h.

CONCERTO

TRANSLATIONS TRIO

e convidados

Marcos Teira (guitarra flamenca)

Alfonso Calvo (contrabaixo)

Moisés Fernández

(caixón flamenco)

Alejandro Vargas (piano)

Isaías Monteiro (baile)

ANTONIO CARMONA

Obras son amores

Praza da Quintana

Entrada libre

23.00 h. **compostela
é!música**

ROBERTO SOBRADO GRUPO

(rock)

Praza do Toural

22.30 h.

ORQUESTRA LOS ESPAÑOLES

Paseo Central da Alameda

ROBERTO SOBRADO



TRANSLATIONS TRIO



ANTONIO CARMONA

DOMINGO DÍA 28

De 10 a 13.30 h. **CAMPIONATO GALAICO-PORTUGUÉS SUB 17 MASCULINO DE HOCKEI A PATÍNS**

(Participantes: Selección Galega e as seleccións das cidades portuguesas de Porto, Aveiro e Minho)
Pavillón Municipal de Vite
Federación Galega de Patinaxe e Club Hockei Compostela

12.00 h. Concerto **BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA**

Ciclo de Primavera
Concerto á carta
(programa composto polas obras elixidas polo público asistente aos concertos dos días 30 de abril, 7, 14 e 17 de maio)
Casiano Mouriño Maquieira,

director
Rúa do Vilar

17.30 h.
Concerto público familiar
MARÍA FUMAÇA A PEQUENA E GRANDE ORQUESTRA
Praza da Quintana
Entrada libre

19.00 h.
VOAXA E CARMÍN
Texto de Esther F. Carredegas
Con Mabel Rivera e Belén Constenla. Dirixe: Xavier Castiñeira
Teatro Principal

20.00 h. **compostela é!música**
GERGELYES
(folk e bailes húngaros)
PRAZA DO TOURAL

MARÍA FUMAÇA



PROGRAMACIÓN SANTIAGO CENTRO

santiago●centro
área comercial

Do 20 ao 28 de maio:

RUTA ECOGASTRO DE TAPAS ECOLÓXICAS

Ensanche de Santiago

Consultar participantes en

<http://compostelaeco.com/>

Do 25 ao 28 de maio

MERCADO COMPOSTELA ECO 2017

Mercado de produtos ecolóxicos
con certificación

(Degustacións, obradoiros,
actividades infantís,
presentacións...)

Praza Roxa

Consultar programa en

<http://compostelaeco.com/>


27 de maio

III FESTA DO COMERCIO


Ensanche de Santiago

Consultar programa en

<http://santiagocentro.gal/>



@ imaxe, Jano, artista da Miic (Mostra Internacional de Ilustración Contemporánea).
Auditorio de Galicia ata o 25 de xuño



CONCELLO DE SANTIAGO